

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

## Xogo dos agochos

*Un, dous, tres, catro...  
cadaquén ben agochado...  
Catro, cinco, seis, sete...  
quen ben non se escondese...  
sete, oito, nove, dez...  
eu axiña o atoparei.*

Ai, non vexo ningún dos meus amigos!  
Si que se agocharon ben... Onde están?  
A min tocoume apandar e teño que atopalos.  
E a praza é moi grande!

Teño que atopar a todos  
os que xogan. Son Aldara,  
a futbolista, e tamén Xaquín,  
o tenista, Rita, a patinadora,  
e Xela, a nadadora.

Para atopalos, teño que estar moi atenta  
e mirar por todas as partes. Por onde comezo?  
Axúdasme a buscalos?



- 1 Fíxate nos obxectos que teñen e escribe o nome de cada un.



**2** Onde se agochou cada un? Completa usando as palabras propostas.

colector

fonte

caixa do correo

coche

- Aldara agochouse detrás da \_\_\_\_\_.
- Xaquin agochouse \_\_\_\_\_.
- Rita agochouse \_\_\_\_\_.
- Xela agochouse \_\_\_\_\_.

**3** No xogo dos agochos, que fai a persoa que apanda? Marca.



Conta mentres os outros se agochan e despois ten que buscalos.



Agóchase moi ben para que non o atopen.

**4** Di cal é o teu xogo preferido, con quen xegas, onde o fas...

---



---



---